

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE XULLO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 1 de xullo de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras dunha nave para exposición de vehículos na rúa Das Panadeiras, parcela 9.1, Parque Empresarial IN-F, rueiro B.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para parcelamento da parcela sita no núcleo rural tradicional de Souto, Parroquia de Lugo-Albeiros (San Lourenzo).

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas de obras: para construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Bocamaos, Parroquia de San Siao de Bocamaos; para substitución de lucernarios de cubertas en nove vivendas unifamiliares en ringleira números 2-4-6-8-10-12-16-20 e 22, con licenza número 441/94 sitas no núcleo rural tradicional de Rosende, Parroquia de Lugo-Saamasas (Santiago); para rehabilitación de almacén agrícola en Barbaín, Parroquia de Santa María de Bóveda; para construción de vivenda unifamiliar na Campiña, 56- A Florida; para construción de nave de soto e planta

baixa sen uso na parcela 7.2. da rúa Dos Torneiros; para legalización de entresollado na rúa Alexandre Bóveda, nº 55; para cambio de uso de garaxe situado na planta baixa e entresollado a local sen uso definido na planta baixa e rochos no entresollado no edificio con licenza número 25/06, con licenza de ampliación de planta baixa número 1.710/08 e con licenza de segregación-agregación de parcela número 205/07, sito na rúa Montirón, número 60 e para cambio de uso de parte de local comercial de planta baixa a garaxe aparcadoiro en grao primeiro(dúas prazas) para uso privado no edificio con licenza número 1.117/02, sito na rúa Vila Verde, número 30.

3. XESTIÓN.- Acórdase a resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto de expropiación do “Proxecto de expropiación para a urbanización da rúa Rof Codina, parcela sobrante na finca número 35”.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal adscrito a cultura, por mor da 9ª Edición do Certame de Pintura Rápida cidade de Lugo e da aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios polos Axentes de Consumo durante as festas patronais do San Froilán e da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a denuncia do vencemento do contrato suscrito coa adxudicataria do concerto de vinte prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación dun servizo para o mantemento diario dos contidos do portal municipal e da apertura do procedemento de contratación.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación da subministración dunha cabina de calidade de aire para o control da calidade de niveis de inmisión do aire do Concello de Lugo e da apertura do procedemento de contratación.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto para a contratación da subministración de cloro e coagulante para a actual ETAP de Lugo mediante acordo marco e procedemento aberto e da apertura do procedemento de contratación.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación dun servizo de cociña para a escola infantil “As Fontiñas” do Concello de Lugo e da apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a aprobación das bases que rexerán o concurso, así como o gasto e o procedemento de adxudicación do concurso de proxectos para a redacción do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección de obra, coordinación en materia de seguridade e saúde e seguimento arqueolóxico durante a execución das obras de peonalización e adecuación do contorno da rúa de San Marcos. (proxecto 09ur3101 urban rúa de San Marcos).

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación do Convenio de encomenda de Xestión do Concello de Lugo e a sociedade “Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA)”, para a xestión do programa de vivenda en alugamento-exercicio 2009.
- Acórdase a modificación do contrato administrativo de xestión do servizo publico municipal do centro de día Antonio Gandoy por traslado dos usuarios ó “novo Antonio Gandoy”.
- Acórdase a adxudicación provisional para a contratación da adquisición onerosa de sete vivendas para Servizos Sociais.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Refⁿ: 09extractoxg29.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-7-2009

- Acórdase a ratificación do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Lugo para a realización de obras de infraestrutura viaria no termo municipal de Lugo, asinado con data do 10 de febreiro de 2009.
- Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa adxudicataria correspondente á prestación do servizo de conservación e mantemento das instalacións de iluminación pública dentro do termo municipal de Lugo por prazo de un ano contado dende o 12 de xullo de 2009 ou prazo inferior ata adxudicación do novo contrato.

Lugo, 8 de xullo de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García